



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA QUINCE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE.-**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Barreiros, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia da Alcaldesa Ana Belén Ermida Igrexas, e coa asistencia das/os Concelleiras/os, Antonio Veiga Outeiro, Montserrat Porteiro Sanchez, Dámaso Ratoeira Basanta, Daniel García Fernández, María Carmen Veiga Rodríguez, Jose Alfonso Fuente Parga, José Manuel Gómez Puente, Lorenzo Penabad Bolaño, Alvaro Daniel Navia Ferreyra e María del Mar Sante García, constituíuse o Pleno da Corporación, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, actuando como Secretaria, Dona Begoña Teijeiro Campo, que comproba a existencia de quórum de asistencia precisa para que poida iniciarse a sesión, que é pública, e se abre pola Presidencia, quen, inicia o desenvolvemento dos asuntos que conforman a orde do día, que son os seguintes:

- 1.- Elección dos membros das Mesas Electorais para as Eleccións Autonómicas do 12 de xullo de 2020.**
- 2.- Aprobación das actas dos plenos: ordinario de 27 de xaneiro, extraordinario de 18 de febreiro e extraordinario de 9 de marzo.**
- 3.- Dar conta das Resolucións de alcaldía e das Xuntas de Goberno Local aprobadas a partir do 27 de xaneiro de 2020 (poden consultarse nos libros correspondente no Gestiona).**
- 4.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2020. (420/2020)**
- 5.- Aprobación da solicitude do Plan Concertado de Servizos Sociais para o ano 2020.**
- 6.- Rogos e preguntas.**

### **1.- ELECCIÓN DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO 12 DE XULLO DE 2020.**

Este punto iniciase nas oficinas municipais, xa que o ordenador onde se fai o sorteo non pode desplazarse ó centro social. Están presentes no sorteo os voceiros dos grupos municipais e a secretaria-interventora. Nesta ocasión, e a solicitude da Xunta Electoral de Zona, elixíranse catro suplentes por cada membro da mesa, en lugar dos dous habituais.

Unha vez realizado do sorteo, todos os concelleiros e a secretaria desprázanse ó centro Social onde se vai desenvolver a sesión xa que o salón de actos municipal está en obras e por outra banda, o eu aforo non permitiría gardar as distancias esixidas nesta nova situación.

Xa no Centro Social, a secretaria-interventora da lectura das persoas que saíron seleccionadas no sorteo como membros das cinco mesas electorais, e que serían os seguintes:

<b>Circunscrición Electoral LUGO</b>	<b>Municipio BARREIROS</b>	<b>Distrito Censal 1</b>	<b>Sección 001</b>	<b>Mesa A</b>
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI





# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Teléf. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

TITULARES:				
PRESIDENTE/A D/D <sup>a</sup>	FERNANDEZ	ARIAS	NURIA	*****076J
1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	EXPOSITO	DORADO	ADRIAN	*****148Z
2.º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	FELPETO	SORDO	DIEGO	*****805M
SUPLENTE:				
1r DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	AMOR	CELADA	BELINDA	*****525T
2º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	BALSEIRO	BELLO	MARIA NIEVES	*****105Y
3º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	FERNANDEZ	JONTE	ISABEL	*****451E
4º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	GARCIA	BLANCO	JOSE HOMAR	*****592Q
1r DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	GARCIA	PAZ	RUBEN ANGEL	*****979J
2º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	CENDAN	MORENO	RAQUEL	*****633D
3º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	FERNANDEZ	IGLESIAS	CONCEPCION	*****630B
4º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	DIAZ	GONZALEZ	M <sup>a</sup> GUADALUPE	*****399W
1r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	GARCIA	AMADOR	LUCIA	*****394N
2º DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	HERNANDEZ	CASTRILLON	FRANCISCO JAVIER	*****324M
3r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	FERNANDEZ	GARCIA	JOSE ANGEL	*****308W
4r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	DIAZ	LOPEZ	FAUSTINO	*****386J

Circunscripción Electoral LUGO	Municipio BARREIROS	Distrito Censal 1	Sección 001	Mesa B
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
TITULARES:				
PRESIDENTE/A D/D <sup>a</sup>	LOPEZ	CANCIO	EMILIO JOSE	*****707B
1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	RODRIGUEZ	DIAZ	CAROLINA	*****175A
2.º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	VILLAR	RODRIGUEZ	MAYRA	*****616P
SUPLENTE:				
1r DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	SECO	PEREZ	JUAN MANUEL	*****845C
2º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	VAZQUEZ	GRANDE	JORGE DAVID	*****636G
3º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	PAREDES	GARCIA	AARON	*****707L
4º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	VALEA	BERMUDEZ	JOSE MARCOS	*****124Z
1r DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	ROZAS	LOZANO	MARIA TERESA	*****616L
2º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	RODRIGUEZ	MOLEJON	AMELIA	*****369Y
3º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	VIZOSO	CASTRO	DIEGO	*****929Z
4º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	LOUREIRO	REY	MARTA	*****126Q
1r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	RUBIÑOS	VARELA	TAMARA	*****876L
2º DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	LOURES	LOPEZ	MARIA	*****337X
3r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	OTERO	RUBIO	NOEMI	*****281B
4r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	MARTINEZ	HERMIDA	TAMARA	*****427Q

Circunscripción Electoral LUGO	Municipio BARREIROS	Distrito Censal 1	Sección 002	Mesa U
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
TITULARES:				





# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Teléf. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

PRESIDENTE/A D/D <sup>a</sup>	LOPEZ	HERMIDA	JAVIER	*****503W
1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	OTERO	BELLO	ISIDRO	*****681Z
2.º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	MARCIANO	TAVARES	WILMA	*****803E
SUPLENTES:				
1r DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	DORADO	FERNANDEZ	ELENA	*****361K
2º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	ALVAREZ	GALAN	COVADONGA	*****861J
3º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	TRABADELO	FERNANDEZ	HUGO	*****629N
4º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	LOPEZ	GUTIERREZ	ANDRES	*****409W
1r DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	QUINTANA	LOPEZ	MARIA TERESA	*****758Y
2º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	GINZO	VALE	CARMEN	*****171A
3º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	BLASCO	DIAZ	LUIS ALBERTO	*****762M
4º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	DORREGO	FERNANDEZ	MARIO	*****207B
1r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	IGLESIAS	RODRIGUEZ	EMILIO	*****190V
2º DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	VILLALBA	FIALLEGA	CAROLINA MARIA	*****080X
3r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	VAL	SUAREZ	ACEBO	*****336B
4r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	GARCIA	RIO	ANTONIO	*****218Q

Circunscripción Electoral LUGO	Municipio BARREIROS	Distrito Censal 1	Sección 003	Mesa A
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
TITULARES:				
PRESIDENTE/A D/D <sup>a</sup>	RIVAS	GONZALEZ	MIRIAM	*****097D
1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	FERNANDEZ	OTERO	MARIA INES	*****689F
2.º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	TORRES	LOMBARDERO	DAVID	*****031N
SUPLENTES:				
1r DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	SANTE	CARTOY	EMILIA	*****113K
2º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	BARRERA	LONGARELA	MIGUEL ANGEL	*****938X
3º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	FERNANDEZ	NEIRA	JOSE MANUEL	*****896D
4º DE PRESIDENTE/A:D/D <sup>a</sup>	GRANDIO	CANTELI	MARIA ISABEL	*****565Y
1r DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	BARALLOBRE	BASCOY	MANUEL	*****694X
2º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	FRIOL	PIÑEIROA	XOSE	*****354H
3º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	IRAVEDRA	MASEDA	ALMUDENA	*****278M
4º DE 1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	LONGARELA	MIRANDA	MARIA INES	*****929E
1r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	PICOAGA DE	DIAZ	RAQUEL	*****157T
2º DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	BLANCO	PEREZ	NATALIA	*****646L
3r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	PEREZ	OTERO	DANIEL	*****357V
4r DE 2º VOGAL:D/D <sup>a</sup>	PEREZ	OTERO	DARIO	*****356Q

Circunscripción Electoral LUGO	Municipio BARREIROS	Distrito Censal 1	Sección 003	Mesa B
CARGO NA MESA	1r APELIDO	2.º APELIDO	NOME	DNI
TITULARES:				
PRESIDENTE/A D/D <sup>a</sup>	PAZ	SANCHEZ	MARIA REMEDIOS	*****248T
1r VOGAL:D/D <sup>a</sup>	VILLALBA	LOREDO	PRISCILA	*****632D





2.º VOGAL:D/Dª	LOPEZ	MASEDA	JOSE GERMAN	*****743X
SUPLENTE:				
1r DE PRESIDENTE/A:D/Dª	ALONSO	LOPEZ	MARIA LUISA	*****485Q
2º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	PICO	CASTOSA	JESSICA	*****311Y
3º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	BARCIA	NOVAS	ANGEL	*****719M
4º DE PRESIDENTE/A:D/Dª	LEIVAS	MAZOY	NOEMIA	*****732A
1r DE 1r VOGAL:D/Dª	MIRANDA	PAZ	ADRIAN	*****103W
2º DE 1r VOGAL:D/Dª	VILA	OTERO	SERGIO	*****353T
3º DE 1r VOGAL:D/Dª	NAVARRO	PEREZ	LORENA	*****108X
4º DE 1r VOGAL:D/Dª	MARADONA	GARCIA	ALBANO JOSE	*****074Y
1r DE 2º VOGAL:D/Dª	CID	GOMEZ	PABLO	*****518M
2º DE 2º VOGAL:D/Dª	DIAZ	REIGOSA	JORGE	*****632B
3r DE 2º VOGAL:D/Dª	CID	SALGADO	IVAN	*****267T
4r DE 2º VOGAL:D/Dª	DIAZ	BARRERA DE LA	GRISELDA	*****859V

## **2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DOS PLENOS: ORDINARIO DE 27 DE XANEIRO, EXTRAORDINARIO DE 18 DE FEBREIRO E EXTRAORDINARIO DE 9 DE MARZO.**

A alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás Actas das sesións anteriores, que se facilitaron coa convocatoria.

Procédese á votación de carácter ordinario verbo da aprobación das actas, resultando aprobadas por unanimidade.

## **3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL APROBADAS A PARTIR DO 27 DE XANEIRO DE 2020.**

Dase conta de todas as Resolucións e Xuntas de Goberno Local que se aprobaron a partir do 27 de xaneiro de 2020 e ás que os concelleiros poden acceder a través do Gestiona de forma directa.

## **4.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2020 (420/2020).**

A alcaldesa explica que se trata dun segundo recoñecemento extrajudicial daquelas facturas que afectan a provedores habituais de servizos esenciais como a recollida de lixo, o subministro de auga ou o alumeadado público.

Trataríase de aprobar facturas por importe de 321.989,99 € e un plan de pagos para ditas facturas de xeito que non se vexa comprometida a liquidez da tesourería municipal.

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, di que non teñen ningunha obxección á aprobación desas facturas.

Sométese a votación e resulta aprobado por unanimidade dos concelleiros presentes o seguinte acordo:





**PRIMEIRO.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito dos gastos que se conteñen na relación adxunta e que ascenden a un total de **321.989,99 €**, con cargo as partidas que correspondan do orzamento prorrogado para o exercicio 2020, considerando as bolsas de vinculación existentes.

<b>terceiro</b>	<b>concepto</b>	<b>data factura</b>	<b>importe</b>	<b>partida</b>
Ortegal Oil	gasolina	31/10/2019	77,71	150.221
Ortegal Oil	gasolina	31/10/2019	271,63	150.221
Ortegal Oil	gasolina	31/03/2019	131,72	150.221
Corchao Oil	gasoleo	15/05/2019	129,36	150.221
SOGAMA	Tratamento residuos	31/05/2019	8528,28	1.623.227
SOGAMA	Tratamento residuos	30/06/2019	9483,55	1.623.227
SOGAMA	Tratamento residuos	31/07/2019	18025,67	1.632.227
Aqualia	recibos	24/05/2019	2523,68	161.210
Aqualia	recibos	24/05/2019	12.450,43	161.210
Aqualia	recibos	23/09/2019	11720,54	161.210
Aqualia	recibos	23/09/2019	2449,32	161.210
Aqualia	recibos	23/09/2019	11796,82	161.210
Aqualia	recibos	23/09/2019	2535,91	161.210
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	01/10/2019	52195,96	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	23/10/2019	1237,6	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	11/11/2019	47527,57	1.621.227
Servicios dos concellos galegos	recollida de lixo	20/11/2019	22112,6	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	11/12/2019	38314,05	1.621.227
Regsiti/Viesgo enerxía	facturación luz	xuño	25628,71	
Regsiti/ Repsol comercializadora	facturación luz	xullo	25673,29	
Regsiti/ Repsol comercializadora	facturación luz	agosto	29175,59	
			<b>321.989,99</b>	





**SEGUNDO.-** Aprobar o plan de pagos seguinte para poder facer fronte a estes pagos coa liquidez que permiten as contas correntes municipais.

		xuño	xullo	agosto	setembr o
80.477,59	luz	25.628,7 1	25.673,9 9	29.175,59	
58.658,08	Aqualia	14.974,1 1	14.169,8 6	14.332,73	
36037,5	Sogama	18.011,8 3	18.025,6 7		
161.387,78	lixo	52.195,9 6	48.765,1 7	22.112,60	38.314,05
610,42	outros	610,42			
<b>321.989,9 9</b>		<b>111.421 ,03</b>	<b>106.634, 69</b>	<b>65.620,92</b>	<b>38.314,0 5</b>

## **5.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O ANO 2020.**

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

“Este ano, antes do 30 de xuño, o concello debe xustificar e solicitar ante a Xunta as contías correspondentes á prestación de servizos sociais municipais, a través do denominado Plan Concertado anual.

Tómanse como base ós cálculos realizados pola Traballadora Social municipal partindo dos gastos do ano 2019 e as novidades derivadas do COVID-19 que deron lugar á posibilidade de pedir contías adicionais para as maiores esixencias derivadas desta crise. Así, solicítase que nos financien unha Traballadora Social máis a media xornada, pola acumulación de traballo que supón a situación actual. Tamen se solicita a financiación para máis horas que o concello ten que prestar a aquelas persoas que acudían a Centros de Día que agora están pechados e tamén unha contía maior para emerxencia social xa que se prevé que haxa máis veciños e veciñas que se vexan afectados pola crise económica derivada de toda esta situación.

Por todo isto, PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

**Primeiro.-** Solicitar á Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal para o ano 2020.





O importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral recollido no anexo V da documentación remitida, é de 572.007,31 €, co seguinte detalle:

Persoal: 47.989,30 €.

Mantemento: 640 €

Axuda no Fogar:

Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 31.623,22 €

Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 342.074,29 €  
(aquí inclúense máis horas para a atención ás persoas que acudían a Centros de Día e que agora temos que cubrir co SAF, así como unha maior contía para situacións de emerxencia social).

Xestión de programas (Escola Infantil): 149.680,50 €

**Segundo.-** Facer constar que os Servizos Sociais Comunitarios deste Concello, continúanse prestando nas mesmas condicións que no pasado ano 2019.

**Terceiro.-** Manifestar o compromiso deste Concello de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2020 na contía de 295.741 € que supón unha porcentaxe do 34,08 % sobre o orzamento total do proxecto (867.748,31 €), excluídas outras achegas autonómicas.”

A continuación a alcaldesa cede a palabra á concelleira Carmen Veiga, do PSdeG-PSOE, e concelleira de Servizos Sociais para que explique e dea detalles sobre a xestión do servizo.

A concelleira Carmen Veiga di que a contía a solicitar incrementouse con respecto a outros anos xa que actualmente estamos a prestar o servizo a todos aqueles usuarios de Centros de Día que se quedaron sen asistencia ó pechar estes polo COVID-19, polo que fai falta contratar máis persoal.

Tamén hai que facer un maior esforzo económico para gastos prioritarios nesta crise sanitaria e social.

Tamén se solicita axuda para contratar outra Traballadora Social a media xornada xa que todo esta situación fai que o persoal actual estea desbordado.

Agora mesmo non hai ninguén na lista de agarda para o SAF e aínda hai horas dispoñibles.

Estance prestando unhas 21.000 horas ó ano de SAF e agora incrementaron 1.210 horas para atención específica do COVID-19, das que xa se están prestando 540.

A previsión é que as horas de dependencia se incrementen ata as 26.000.

O custe da hora está nuns 18 €, dos cales a Xunta aporta menos de 10 € e as aportacións dos usuarios non chegan a completar a diferenza polo que o esforzo económico do concello neste servizo é moi importante.

Tamen se levaron a cabo outras iniciativas como os grupos de apoio á familiares de persoas con demencia, alzheimer,...; charlas da Guardia Civil para a xente maior para evitar fraudes, estafas, ...; cursos de manualidades; cursos de memoria;... todo isto tivo que suspenderse co estado de alarma.

Prestouse asistencia ás persoas perceptoras de RISGA e tamen a transeúntes.





Vanse contratar a dúas persoas perceptoras do RISGA a través dunha subvención da Xunta para que teñan unha oportunidade de mellorar a súa situación.

Tamen se está a facer un curso de competencia clave para aquelas persoas que non teñen os estudos mínimos, para tratar de mellorar a súa integración no mercado laboral.

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, di que é a solicitude do Plan Concertado como todos os anos. Que é un servizo que se sigue a prestar como o de ata agora, polo que non se estaría facendo moi mal antes.

Comenta que, a pesar de todo o que comentou a concelleira, ás traballadoras do SAF non se lles pagou o kilometraxe durante o estado de alarma, mentres que noutros concellos aínda se lles pagou máis.

Tamen di que, fai un ano anunciouse que se iba a iniciar o servizo de axuda no fogar nocturno e o Xantar na Casa, pero non ve que se vaia a facer.

A concelleira Carmen Veiga, di que nesta situación tan difícil o concello tratou de conservar todos os postos de traballo, o cal non pasou en todos os concellos. O kilometraxe que non se lles abonou non supoñía moito e sen embargo reducíronselles moito as horas de traballo e non se lles baixou o soldo.

O servizo estase prestando ata as 10 da noite e os fins de semana e festivos, polo de agora.

O programa de Xantar na Casa está dentro das previsións pero polo de agora non ten demanda.

A concelleira, Montserrat Porteiro, intervén para aclarar que o da prestación do servizo nocturno do SAF era unha posibilidade pero non era un anuncio.

A alcaldesa di que se trata de solicitar a subvención do Plan Concertado por competencias delegadas pola Xunta de Galicia. É moi fácil delegar competencias e despois non cubrir todos os custes das mesmas.

Hai que adaptar o servizo ás circunstancias actuais, planificar para ir mellorando pouco a pouco e iranse poñendo en marcha novos servizos na medida en que sexa posible.

Sométese a votación a proposta que resulta aprobada por unanimidade.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

O concelleiro do grupo municipal do PP, Jose Manuel Gómez, realiza as seguintes preguntas:

- Recoñece o bon facer do equipo de goberno durante estes meses tan duros de confinamento, pero non sabe porqué non se izaron as bandeiras a media asta durante os días de luto oficial.

A alcaldesa resposta que as bandeiras estaban retiradas polas obras e que ademais







estaban en tal mal estado que non se podían manipular.

- ¿Falouse ou fíxose algunha xestión coa asociación de veciños de San Cosme polo local do Teleclub?

A alcaldesa di que falouse coa Asociación e están pendentes dunha reunión que por culpa do confinamento aínda non se puido facer.

- Houbo varias pistas nas que se botou herbicida, ¿tedes constancia deso?

O concelleiro do BNG, Dámaso Ratoeira, di que sí se botou herbicida nas beirarrúas. Uouse glifosato, con todas as garantías.

- ¿arranxáronse as baixadas as praias?

A alcaldesa di que Costas está a facer melloras nas praias.

- ¿Cal é o aforo de cada praia? ¿Vanse implementar medidas para controlalo?

A alcaldesa di que non hai forma de saber cal é a superficie das praias porque aquí varía moito coas mareas. As normativas nos despachos fanse fácil pero na práctica facer aforos nestas praias é imposible. Vaise apelar á responsabilidade da xente e informálos.

- Hai varias pistas importantes sin desbrozar, como por exemplo a vía de saída alternativa das praias, que está moi perigosa, e sin embargo desbrozaronse outras pistas que non teñen tanto tráfico.

A alcaldesa di que todas se van rozar. Fai un ano a estas alturas estaban todas sin rozar e agora practicamente están limpias todas as vías principais e para a tempada de verán están todas listas.

O concelleiro Dámaso Ratoeira di que esa desbrozouse en decembro e desde que está este goberno xa se lle pasou tres veces a desbrozadora.

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, fai as seguintes preguntas:

- ¿iniciouse o proceso para a contratación dos socorristas?

A alcaldesa di que non se puido iniciar aínda porque a notificación da subvención fíxose estes días.

- ¿cantos van ser?

A alcaldesa di que solo subvencionan seis e estase estudando si se poden contratar máis porque a subvención este ano é moi pequena.

- ¿Non se pode garantir a limpeza e desinfección de zonas públicas como parques infantís, instalacións deportivas, baños das praias,....? ¿Van seguir pechados?

- ¿Vaise tomar algunha medida de impulso económico coas empresas do concello? Por exemplo, entregas de hidoxel, mascarillas, condonación de recibos durante o tempo de peche, campañas informativas, condonación do IBI ós propietarios que condonaron os alugueres ós inquilinos,...

A alcaldesa di que levamos tres meses oíndo ó Presidente da Xunta decindo que





están esperando os protocolos do Estado e agora é competencia autonómica e a Xunta publicou as normas o sábado. Isto dá pouca márxes ós concellos para poder actuar. O que está claro é que desde o concello non vamos a contribuír a crear focos de contaxio e vaise actuar sempre coas máximas garantías. Si temos que esperar un pouco máis non pasa nada pero si se poñen en funcionamento os servizos vaise facer con seguridade.

De feito, os servizos de saúde siguen a atender telefónicamente, cando en teoría, teñen todas as medidas de seguridade.

En canto ás medidas de promoción económica, pediuse un informe e é algo inviable, xa que son competencias impropias. Habería duplicidade coas Administracións competentes. Os autónomos o que están agardando son protocolos claros da autoridade competente.

En canto á condonación dos recibos do lixo, ese é un servizo esencial e obrigatorio que se seguiu a prestar durante o confinamento con normalidade e polo tanto non hai ningunha causa de exención. No caso do IBI aínda máis porque non se poden regular máis bonificacións que as que fixa a lei e ademais este imposto graba a propiedade, non o uso da mesma.

O que sí fai o concello é garantir a flexibilidade nos pagos das taxas e impostos e tamen tramitar axudas a través da emerxencia social e para iso vaise incrementar o orzamento para estas medidas.

Alfonso Fuente, comenta en relación a isto que, houbo concellos que aprobaron axudas que sí poden entrar en colisión con outras administracións, pero, por exemplo, no concello de Padrón, foi o BNG o que pediu todas estas medidas que eu acabo de expoñer. Parece que non é o mesmo gobernar que estar na oposición.

- O outro día houbo un percance nunha das praias e o servizo de salvamento e socorrismo non puido actuar por falta de medios. O ano pasado había dúas lanchas ¿qué pasou con elas?

A alcaldesa di que se pediu unha lancha nova á Xunta que non sabemos si no la darán. O ano pasado houbo un par de accidentes ó final da tempada e danáronse os motores.

O concelleiro do grupo municipal do PP, Jose Manuel Gómez, fai unha serie de rogos:

- Que se trate de evitar o uso do glifosato polas súas posibles consecuencias na saúde.
- Que se desbrocen todos os paseos, as baixadas ás praias e as áreas públicas.
- Que se limpen as pintadas co parque infantil da Anguiería, que da moi mala imaxe.
- Que se esixa á Deputación Provincial que desbrocen as pistas no mes de xullo.
- Que se limpe a finca do concello que está ó lado do Santiño.
- Que se ilumine a rotonda que vai á Autovía e as farolas que van hacia o barrio de As Eiras.
- Que se pida a Fomento que se encendan as farolas que hai na Autovía.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, e levántase, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día sinalado.

E para constancia do que se tratou e dos acordos que se adoptaron, estendo a presente acta, que asina a alcaldía e que eu, Secretaria, certifico coa miña sinatura, en Barreiros, o 15 de xuño de dous mil vinte.-





# CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

Vº e Pr.  
A ALCALDESA

A SECRETARIA

